



# Memoria final do departamento de ...

## IES A Xunqueira II

### Pontevedra

Asdo. A xefatura de departamento

D<sup>a</sup> Josefa Vicario Quintana



## Índice

1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións.....	3
2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.....	3
3. Propostas para a revisión de.....	4
1. A programación didáctica para o curso seguinte .....	4
2. A concreción curricular .....	4
4. Funcionamento do departamento .....	4
5. Composición do mesmo .....	5
6. Temas máis importantes tratados nas reunións .....	6
1. Setembro .....	6
2. Outubro.....	6
3. Novembro .....	7
4. Decembro .....	7
5. Xaneiro.....	8
6. Febreiro.....	8
7. Marzo .....	8
8. Abril.....	8
9. Maio .....	9
10. Xuño .....	9
7. Informe de actividades complementarias e extraescolares.....	9
8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave .....	10
9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL.....	10

## 1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións

En aplicación da Orde do 27 de Decembro da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se modifica a Orde do 20 de maio de 2022 na que se aprobaba o calendario escolar para o curso 2022/2023 (a vixente, cando se fixo a Programación), houbo que facer modificacións relativas ao fin de curso no apartado 7 da programación didáctica, *Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado*. Dita adaptación foi recollida nunha Addenda á programación.

## 2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores

	CURSO 2020-2021		CURSO 2021-2022		CURSO 2022-2023	
	TOTAL ALUMNOS	APROBADOS	TOTAL ALUMNOS	APROBADOS	TOTAL ALUMNOS	APROBADOS
2º ESO Valores éticos	47	47 (100%)	72	66 (91,6%)	70	64 (91,42%)
3º ESO EVCE	-----	-----	-----	-----	112	111 (99,10%)
4º ESO Valores éticos	51	50 (98,03%)	42	41 (97,61%)	42	42 (100%)
4º ESO Filosofía	-----	-----	8	7 (87,5%)	28	27 (96,42%)
1º BACH Filosofía	115	115 (100%)	113	109 (96,46%)	114	110 (96,49%)
2º BACH H. da Filosofía	45	35 (77,77%)	60	44 (73,33%)	55	46 (83,63%)
2º BACH Psicoloxía	46	46 (100%)	55	54 (98,18%)	55	54 (98,18%)

Como se pode observar na táboa, non hai diferencias significativas na porcentaxe de aprobados das diferentes materias nos tres últimos cursos. Na materia de Filosofía de 4º da ESO non hai resultados no curso 2020-2021 porque non se impartiu. Polo que respecta á Educación en Valores Cívicos e Éticos de 3º ESO, só figuran os resultados do presente curso, ao ser materia de nova incorporación na LOMLOE.

### 3. Propostas para a revisión de

#### 1. A programación didáctica para o curso seguinte

A LOMLOE (Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, por a que se modifica la Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación e que derroga a LOMCE, Lei educativa de 2013) introduce para o curso 2023-2024 modificacións en currículo, organización e obxectivos en 4º ESO e en 2º de bacharelato. Isto esixe elaborar para estes cursos unha nova programación didáctica adaptada á nova lei.

Nos cursos impares manterase no esencial a programación actual, se ben en setembro revisárase co fin de acordar as modificacións oportunas, se foran necesarias, fundamentalmente na metodoloxía e nos criterios de avaliación, cualificación e promoción.

#### 2. A concreción curricular

A concreción curricular necesariamente terá que axustarse á nova lei e será acordada polo membros do departamento (acordos metodolóxicos, acordos de avaliación e cualificación...)

Como se detalla no último apartado da presente Memoria, recomendarase un libro de texto para a materia de 1º de bacharelato e fíxase texto obrigatorio nas materias de 2º de Bacharelato.

### 4. Funcionamento do departamento

O funcionamento do departamento é bo e o entendemento entre os seus membros é a tónica xeral. Cómprese a lexislación vixente cunha reunión obrigatoria mensual do departamento (a excepción da reunión de marzo, que se aprazou ao mes de abril) da que se levanta acta cos temas tratados, os acordos, seguimento da programación e información do tratado na CCP. Ademais das reunión

oficiais, ao longo do curso houbo “conversacións informais” sobre diferentes cuestións relacionadas coas materias que imparte o departamento e que xorden na práctica diaria.

## 5. Composición do mesmo

Profesores	Grupos	Materias	Horas/ grupo	Total
<b>Josefa Vicario Quintana</b> (xefa de departamento)	1 de 2º ESO	Valores éticos	x 1 h. = 1	1
	2 de 4º ESO	Valores éticos	x 1 h. = 1	2
	2 de 2º Bacharelato	Historia da filosofía	x 4 h. = 8	8
	1 de 2º Bacharelato	Psicoloxía	x 3 h. = 3	3
	PLAMBE		4	4
				<b>18</b>
<b>Brais Pérez González</b> (profesor titular con xornada reducida)	3 de 1º Bacharelato	Filosofía	x 3 h. = 12	9
	1 de 1º Bacharelato	Atención educativa	x 1 h. = 1	1
				<b>10</b>
<b>María Teresa Rodríguez Fandiño</b> (profesora substituta con xornada reducida) (1)	1 de 4º ESO	Filosofía	x 3 h. = 3	3
	1 de 1º Bacharelato	Filosofía	x 3 h. = 3	6
	1 de 2º Bacharelato	Psicoloxía	x 3 h. = 3	3
				<b>9</b>
<b>Carlos González García Afín</b> (Departamento de Xeografía e historia)	2 de 2º ESO	Valores éticos	x 1 h. = 2	2
	4 de 3º ESO	Educación en Valores éticos	x 1 h. = 4	4
				<b>6</b>
				<b>44</b>

- (1) A profesora Teresa Rodríguez Fandiño foi substituída dende o mes novembro ata o final do curso polo profesor Martiño Xabier Framil Barreiro.

## 6. Temas máis importantes tratados nas reunións

### 1. Setembro

Revisase a programación dos cursos pares e acórdanse os criterios de avaliación, cualificación e promoción, así como a metodoloxía a seguir. Elabórase, a petición da dirección, un Anexo á programación onde se reflicten ditos criterios, para que o acceso dende a páxina web do centro sexa máis doado. Acórdase tamén o seguimento das materias pendentes. Para tal efecto, utilizarase a Aula Virtual, ademais das reunións presencias cos alumnos para solucionar dúbidas.

Engádese no apartado de Actividades complementarias e extraescolares a solicitude de participación dos alumnos de Valores éticos de 4º ESO no programa "Educar en Xustiza".

Respecto á avaliación inicial, acórdase seguir o establecido na programación.

### 2. Outubro

Respecto á avaliación por competencias, acórdase que nos cursos impares o perfil competencial do centro se elabore a partires do peso porcentual que en cada materia establezan os departamentos nas súas programacións para cada competencia. Este acordo sería revisado e modificado posteriormente.

Infórmase que na CCP do día 11 de outubro se deron a coñecer as datas de realización das probas de pendentes de 2º de bacharelato e se entregaron os modelos dos informes individualizados de pendentes para o seguimento destes.

A xefa de departamento informa ademais da reunión realizada cos alumnos que ten pendente Valores éticos de 1º de ESO, onde se lles deu orientacións oportunas para que podan superar a materia e se lles informou de que na Aula Virtual poden atopar as tarefas que ten que realizar. Ademais se lles entregou fotocopiada a 1ª tarefa e o material

necesario para realizala. Dáse a circunstancia de que estes alumnos, debido á implantación da LOMLOE e, consecuentemente da desaparición da materia de Valores éticos en 1º ESO, non poden dispoñer do libro virtual en Edixgal (libro co que traballaron no curso pasado).

De igual xeito, a xefa de departamento reuniuse co alumno de 2º de bacharelato que ten pendente Filosofía de 1º para proporcionarlle toda a información necesaria para a superación da materia.

Respecto aos repetidores, acórdase que cada profesor lles faga o mesmo seguimento na aula que ao resto do alumnado.

Respecto ao seguimento da programación, recóllese que, dadas as datas temperás da 1ª avaliación tanto na ESO como en Bacharelato, non se van poder ver os temas previstos na programación para dita avaliación.

### 3. Novembro

Os profesores que imparten a materia de Filosofía de 1º BTO manifestan que dos catro temas previstos para a 1ª avaliación só puideron desenvolver dous, polo que os exames correspondentes incluíron cada un deles un tema. En Historia da filosofía non se poido desenvolver o tema do Pensamento medieval. En Valores éticos de 2º ESO houbo dificultades para cumprir as previsións da programación dadas as características dalgúns alumnos: falta de interese, mal comportamento... Precisamente coincide cos alumnos que ten pendente Valores éticos de 1º de ESO e, a pesar do seguimento insistente que se lles fai, non empezaron a desenvolver a tarefa que se lles entregou.

### 4. Decembro

Acórdase actualizar a metodoloxía e os criterios de avaliación na materia de Filosofía de 4º ESO, del tal modo que o 50% da nota resultará de exercicios na aula, que ven a substituír os resumos.

Acórdase tamén que para a elaboración dos perfís competenciais as porcentaxes das competencias das materias de ESO (Valores éticos, Educación en Valores Cívicos e Éticos, Filosofía) serán as que resulten do establecido no currículo.

Analízanse os resultados da 1ª avaliación nos grupos e nas materias que imparten os membros do departamento. En Valores éticos de 2º ESO, de 22 alumnos suspenden 8 (36,36%). En Valores éticos de 4º ESO, de 42 suspenden 2 (4,76%). En Filosofía de 4º ESO, de 28 suspenden 3 (10,71%). En Filosofía de 1º Bacharelato, de 114 suspenden 14 (12,28%). En Historia da Filosofía, de 55 suspenden 28 (50,91%). En Psicoloxía, de 55 no suspende ningún (0%)

## 5. Xaneiro

Trátase como tema fundamental a evolución dos alumnos pendentes. O alumno de 2º de bacharelato coa materia pendente de 1º de bacharelato presentouse á convocatoria do 16 de xaneiro e aprobou o exame cun 5. Dito exame incluía contidos de toda a materia polo que esta queda aprobada e se reflectirá a nota na acta da avaliación ordinaria de maio.

Os alumnos de ESO coa materia pendente, Valores éticos de 1º ESO, sen embargo, non realizaron ata o día de hoxe ningunha das tarefas indicadas para aprobar a materia e manifestan que non van facelas porque non lles preocupa aprobar a pendente nin o resto das materias de 2º ESO.

## 6. Febreiro

Apróbase a Addenda á programación, motivada polas modificacións relativas á organización do final do curso 2022- 2023 (Orde do 27 de decembro de 2022. E recórdase a necesidade de facer un seguimento dos repetidores por parte do profesor correspondente

## 7. Marzo

## 8. Abril

A reunión do mes de marzo foi aprazada ao mes de abril, onde se analizan os resultados obtidos na segunda avaliación nos diferentes cursos e materias, que son os seguintes: En Valores Éticos 2º ESO, de 23 alumnos suspenden 5 (21,73%). En Valores éticos, de 4º ESO aproban os 42 alumnos. En Filosofía, de 4º ESO, de 28 suspenden 4 (14,28%). En Filosofía de 1º Bacharelato, de 115 suspenden 14 (12,17%). En Historia da Filosofía, de 55 suspenden 24 (43,63%). En Psicoloxía, de 55 suspende 1 (1,8%).



Coméntase que en Filosofía 1º BAC previsiblemente non se poida desenvolver todo o bloque 3, debido á profundidade e extensión do temario. En Historia da Filosofía previsiblemente non vai dar tempo a explicar o estándar de Ortega y Gasset na 3ª avaliación, polo que non será obxecto de exame nin na avaliación ordinaria nin na extraordinaria; non obstante, se desenvolverá con posterioridade para os alumnos que vanse presentar con dita materia na parte específica da ABAU.

## 9. Maio

Analízanse os resultados da avaliación ordinaria de 2º BAC, elíxense os libros de texto para o próximo curso e acórdase o tipo de exame e o contido das probas extraordinarias de bacharelato.

## 10. Xuño

Analízanse tan só os resultados da avaliación ordinaria de 1º de bacharelato, xa que a avaliación extraordinaria non se celebrara cando tivo lugar a reunión de departamento. Con todo, ditos resultados se recollen no apartado 2 desta Memoria.

Coméntanse as modificacións realizadas na programación para incluílas na Memoria final do departamento.

## 7. Informe de actividades complementarias e extraescolares

- Club de lectura de 2º ESO coordinado conxuntamente pola profesora do departamento de filosofía, Josefa Vicario Quintana, e polo profesor de Lingua e Literatura Castelán, Delfín Benito Ogando Fernández.
- Dinamización de actividades da biblioteca do centro, como exposicións, roteiro literario á Ribeira Sacra e a Monforte de Lemos no mes de maio cos clubs de lectura, etc.
- Visita no mes de xaneiro aos Xulgados da Parda e asistencia a xuízos cos alumnos de Valores Éticos de 4º ESO, dentro do programa “Educar en Xustiza”, promovido polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

## 8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave

A nivel xeral, os alumnos utilizan de xeito habitual, tanto para as actividades individuais como para as colaborativas, os seguintes programas: Programa Power Point ou LibreOffice Impress para a elaboración de presentacións. Programa Canva para a elaboración e edición de póster.

Os alumnos da ESO utilizan a plataforma EVAEdixgal tanto para consultar o libro de texto e os documentos que engaden os profesores, así como para realizar tarefas e actividades.

Os profesores do departamento utilizaron para a súa práctica docente as plataformas Aula virtual, EVA-Edixgal e Abalar, e recursos educativos dixitais (textuais, audiovisuais...)

Respecto ao fomento da lectura, o departamento participa nas actividades contempladas no Proxecto Lector e no Plan Anual de Lectura, impulsadas fundamentalmente pola biblioteca, como a Hora de Ler e o Club de lectura (2º de ESO). Tamén contribuíu a través da lectura na aula de textos filosóficos, científicos, de ficción, artigos de prensa, etc. en diferentes soportes; e propoñendo lecturas voluntarias de libros.

As competencias claves foron desenvolvidas a través das metodoloxías empregadas e o deseño de actividades de aprendizaxe integradas.

## 9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL

MATERIA	AUTORES, EDITORIAL, ISBN	
Valores éticos 2º ESO	Proxecto EDIXGAL	Obrigatorio
Educación en valores cívicos e éticos 3º ESO	Proxecto EDIXGAL	Obrigatorio
Valores éticos 4º ESO	Proxecto EDIXGAL	Obrigatorio
Filosofía 4ª ESO	Proxecto EDIXGAL	Obrigatorio
Filosofía 1º Bacharelato	<i>Filosofía</i> , de Francisco Ríos Pedraza, Editorial Oxford. ISBN, 9788467363685.	Recomendado



<b>Historia da filosofía</b> <b>2º Bacharelato</b>	<i>Historia de la Filosofía</i> , de Diego Sánchez Meca y otros, Anaya, 2016. ISBN-13. 978-8469813058	Recomendado
<b>Psicología</b> <b>2º Bacharelato</b>	<i>Psicología</i> , de J. I. Alonso García, editorial McGraw Hill, ISBN 978-84-486-3873-3.	Recomendado

